

Procedemento: Selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato laboral temporal, da praza de técnico/a auxiliar de imaxe e son (código do posto ED.A11.00.005.15770.059)

Asunto: Resolución pola que se fai pública a listaxe definitiva de avaliación de méritos por orde de prelación da puntuación obtida, das persoas admitidas.

O tribunal nomeado mediante Resolución do 26.06.2025, da persoa que ostenta a titularidade da Dirección de Agadic, conforme ao previsto no artigo 11 do vixente Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia, para cualificar o proceso de selección para a contratación mediante relación laboral temporal en réxime de interinidade, en sesión que tivo lugar o 19.08.2025,

ACORDOU

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de avaliación de méritos, por orde de prelación, relacionada no **Anexo I**, segundo a puntuación obtida en aplicación do baremo establecido nas bases do procedemento e tras o estudo das alegacións recibidas á Resolución provisional de listaxe de avaliación de méritos de data 08.08.2025, quedando desestimadas o resto das solicitudes ou alegacións.

Segundo.- Publicar esta Resolución na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais (<https://industriasculturais.xunta.gal>) e no taboleiro de anuncios do centro.

Terceiro.- Conceder un prazo de tres (3) días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación desta Resolución, á persoa aspirante con maior puntuación acadada, para que presente a documentación requirida para a formalización do corresponde contrato de traballo, así como das altas tanto en nómina como na seguridade social, mediante a Sede electrónica da Xunta da Galicia (<https://sede.xunta.gal>), ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Cuarto.- Se a persoa candidata seleccionada non presentase toda a documentación no prazo establecido ou presentase a súa renuncia á contratación, resultará automaticamente seleccionada a seguinte persoa aspirante, segundo a orde de prelación da listaxe definitiva publicada, que deberá presentar, no mesmo prazo do punto anterior, a documentación oportuna para formalizar esta contratación.

Quinto.- Contra este acordo, que non esgotará a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, ante a Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Axencia e no taboleiro de anuncios do centro de traballo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A presidenta do Tribunal de selección
María Angeles Antón Vilasánchez

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI
CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
T. 881 99 60 77 / 78
agadic@xunta.gal / industriasculturais.xunta.gal



ANEXO I

LISTAXE DEFINITIVA DE AVALIACION DE MÉRITOS POR ORDE DE PRELACIÓN DA PUNTUACIÓN
OBTIDA

	SOLICITANTE	DNI	PUNTUACIÓN
1	PORTO CAGIAO, SANDRA	***1862**	1,08
2	VÁZQUEZ CABEZAS, MARCOS	***8455**	0,78
3	FARIÑA ESCARIS, MARIA	***4464**	0,32
4	LÓPEZ CIERTO, FRANCISCO RAMÓN	***3248**	0,30
5	REY VÁZQUEZ, ALEXANDRA	***2284**	0,30
6	DIAZ FERNANDEZ, CRISTINA	***6684**	0,15
7	ARIAS DONO, ARON	***7972**	0
8	GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, YERAY	***9807**	0
9	PARDAL BARREIROS, MARCOS	***5925**	0

